

TRIBUNA ■ Xoán Manuel Estévez.

Crítico musical.

EXISTE UN JAZZ GALEGO?

Música e identidade territorial son conceptos que adoitan ir parellos, cando ubicamos a raíz do *valse* en Viena, do *tango* en Argentina, do *flamenco* en Andalucía, ou do *jazz* no estado norteamericano de New Orleans. A trashumancia tamén afecta aos músicos, que levan consigo unha particular bagaxe cultural que devén en universal cando é asumida fóra do seu hábitat orixinario. Logo virán as fusións –o *jazzrock*, por exemplo– e o posterior desenvolvemento de sonoridades, que aínda mantendo o seu pouso étnico, son reelaboradas segundo sexan vividas por creadores de distintas localizacións xeográficas. Asumindo que estamos a tratar da máis universal das linguaxes, ante un fenómeno orixinariamente foráneo caben dúas opcións: ou ben reproducilo mimeticamente, ou pola contra ver de adaptalo ás nosas propias características. Se durante os anos vinte do –homónimo– pasado século, a emigración africana a Estados Unidos condicionou o xermolar e posterior desenvolvemento dun xénero musical actualmente tan asentado como é o *jazz*, co paso do tempo outros países asumiron como propia a linguaxe sonora que revolucionou o mundo por aquel entón. Así, músicos brasileiros e cubanos deron en desenvolver unha corrente latina dentro do xénero, e en Europa outros creadores como o noruego Jan Garbarek sentaron as bases para, paseniñamente, ir facendo unha escola propia dentro do mesmo estilo, pois á marxe de emular aos orixinarios creadores afroamericanos localizados en urbes como Chicago ou New York, asumiron un discurso diferenciado, no que a vitalidade inherente ao *swing* cedeu protagonismo a un discurso melódico, debedor acaso dos conservatorios clásicos, como corresponde a este que é o continente dos Bach, Beethoven ou Mozart.

JAZZ EUROPEU. Por conseguinte, máis que tratar sobre o *jazz* en Europa, cumpriría facelo do *jazz* europeo, como proba o consolidado panorama do estilo en países como Franza ou Italia, mentres que na Península Ibérica non é casual o recoñecemento internacional dispensado en



Alberto Conde.

JAVIER ALBERTOS

Baldo Martínez, máis próximo á vangarda que á fidelidade étnica, con *Proyecto Miño* é unha referencia da música do noso país”

vida ao pianista Tete Montoliú, pois na súa Catalunya natal a proliferación de músicos desta tendencia é constante desde hai máis de trinta anos; outrosí, Portugal e especialmente o paradigma referente andaluz en forma de *jazzmenco*, confirman a progresiva madurez alcanzada por unha sorte de diversidade *jazzista*, á que Galiza por suposto non é allea. Desde os vellos tempos do grupo *Clunia Jazz* (1982), salienta o nome do compositor e contrabaixista ferrolán Baldo Martínez como músico veterano do xénero, que na súa dupla faciana de creador-instrumentista vén desenvolvendo un estilo presidido por un criterio conceptual en cada unha das súas gravacións, pois o mito da improvisación fica esvaído en rexistros como os titulados *No País dos Ananos*, *Nai*, *Zona Acústica* ou *Tusitala*, producións discográficas que manteñen unha continuidade no repertorio escollido, dadas a sucesivas versións dun mesmo tema, ben en forma de Baldo Martínez Grupo, ou á fronte dun colectivo de oito músicos máis unha voz, a de Maite Dono, que o pasado ano fixeron realidade a gravación do ambicioso *Proyecto Miño*, segundo repertorio tradicional procedente das dúas beiras do noso río transfronteirizo. Máis próximo á vangarda que a fidelidade étnica, a obra é xa por dereito

propio toda unha referencia da música do noso País, que mostra entre outras calidades as enormes posibilidades dun instrumento como a zanfona, que nesta ocasión muda a súa sonoridade arcaizante por outra máis experimental e propia do século XXI. A maiores, o compositor-instrumentista desafia no conxunto da súa obra as limitacións que ameazan con condicionar a todo creador, ben na procura de novas linguaxes para vellias estruturas, así como recorrendo á técnica instrumental para reclamar o protagonismo que o seu instrumento merece, pois o contrabaixo, á marxe de ser un elemento de acompañamento, posúe identidade de seu e é quen de reconducir o discurso concertístico segundo determine o criterio previamente establecido. Menos doados resultan de discernir os conceptos de composición e interpretación na gravación do disco *Folklore Imaginario*, compartida por noso músico co italiano Carlo Actis Dato, instrumentista de vento co que explora ata o máximo unha expresividade dificilmente cualificable. Como queira que no ámbito do *jazz* a colaboración-complicidade establecida entre os músicos é de seu precisa, algúns nomes adoitan seren comúns a distintas formacións, e así atopamos a propio Martínez no rexistro que ben pode marcar un punto de inflexión no panorama autóctono da especie: *Entremares*, do Alberto Conde Trío, formación liderada polo pianista ourensán-vigués e completada co baterista e percussionista paquistaní Nirankar Khalsa. O disco establece sen dúbida as bases para un *jazz* de temática galega.

A contribución de Alberto Conde resulta, pois, decisiva, se de diferenciarnos se trata no panorama internacional da música de *jazz*”

O reto actual semella ser aprofundar na nosa identidade para podermos concorrer no contexto global, e nomeadamente para ver de recoñecermos colectivamente como afeccionados, que non só recibimos senón que tamén avaliamos a nosa propia pouta creativa, en aras dun criterio universal asumido como diverso e enriquecedor.

DAMARXINALIDADE Á BRILLANTEZ. Neste devir histórico, os músicos de *jazz* mudaron a súa condición de artistas marxinais pola de brillantes intérpretes aplaudidos en prestixiosos teatros, ao tempo que foron e seguen condicionando os máis diversos estilos musicais, en tanto que corredores de fondo a modo de arranxistas e/ou instrumentistas de outros creadores con nome propio. Por exemplo, no ámbito dos cantautores, o portugués Fausto opina que “no *jazz* déixase máis espazo aberto para desenvolver a música autóctona” (ANT nº 533 / 30 de xullo 1992). Afirmación acida para outro disco de referencia na música galega, *Nordestin@s*, (Premio Opinión de música folk 2006) que concita a unión de Ugia Pedreira e

Guadi Galego, voces chegadas do ámbito *folk*, coa do pianista Abe Rábade, en tanto que expoñente sobranceiro do noso *jazz*, que nesta ocasión serviu de decisivo soporte a un repertorio de composicións propias e de cancións tradicionais localizadas no norte do noso país. Ese recuamos no tempo, podemos considerar precursora neste particular a gravación de Dolores Plata, *Lúa descolorida*, na que mostraba unha musicalidade sorprendente da poética de Rosalía de Castro, acompañada como estivo por *Clunia Jazz* e con Rodrigo Romani como produtor. Máis tímido parece o intento de Carmen Dor, que en *Dora maar 74* escora cara o mundo da balada, cantando un repertorio baseado en observacións e sentimentos da vida cotián.

Outros músicos optan pola súa fidelidade á orixinaria matriz afro-americana. Por exemplo, Roberto Somoza Trío no seu disco *Regra de Tres* devece por unha expresividade aparentemente máis desaliñada, nas que as licencias de cada músico compaxinan entre si un discurso espontáneo, pois no *jazz* primitivo as entradas e saídas de cada instrumentista estaban condicionadas pola empatía establecida entre os integrantes da formación. O propio Somoza co seu saxo forma parte do Pepe Evangelista Cuarteto, á fronte do cal se atopa o guitarrista que lle dá nome, e que vén de editar un disco, *Teima*, que inclúe dous poemas musicados de Rosalía de Castro: *Maio Longo*, texto que continúa a sorprendernos neste caso gratamente, e o máis forzado *Sin niño*, cantados ambos por Belén Xestal.

Todos eles están a pular por un movemento galego de *jazz*, no que a diversidade parece garantida, mentres que a súa receptividade está avaliada coa progresiva inclusión dos nosos músicos na programación de festivais especializados, na Coruña –o incipiente ciclo *Ibero-jazz*–, en Lugo, Ourense, Pontevedra –co engadido do seu Seminario Permanente– ou Vigo –*Imaxina Sons*–. Mágoa do pasamento do saxo Antonio Cal, que coa súa presenza contribuíría sen dúbida a esta consolidación do xénero no seu –noso– país. ●

? UERE SABER MÁIS?
www.baldomartinez.com
www.albertoconde.com
www.nordestinas.eu